

## **Presolfexo**

O curso de presolfexo serve de ponte entre a iniciativa musical e os principios de lectura e escritura da música: **o solfexo**.

Os nosos obxectivos serán:

### **1.- VIDA RÍTMICA:**

- Marcar ritmos fortes e suaves, rápidos e lentos.
- Improvisar ritmos
- Inventar un ritmo sobre unha melodía cantada ou instrumental.
- Inventar ritmos que acompañen pequenos contos.

Imaxinemos un conto de indios onde a PREGUNTA e RESPOSTA tocando tambores vai de marabilla como exercicio musical.

### **2.- CANCIÓNS: “QUEN CANTA O SEU MAL ESPANTA”**

A canción é e será o marco de ouro da educación musical. De aí que o profesor seleccione as cancións polo seu valor directamente pedagóxico:

- Melodías populares, porque son a historia dunha cultura, da súa sensibilidade/mentalidade...
- Temas apropiados ó neno.
- Estructuras rítmicas e melódicas apropiadas.

- Cancións que inclúen xogos espaciais, etcétera.

Debemos ser conscientes de que no presolfexo estamos ainda preparando a teoría con medios apropiados, reservando a verdadeira teoría (cerebral, abstracta) para o solfexo propiamente dito.

É neste punto da educación musical onde AS CANCIÓNS adquieren unha importancia vital porque o conteñen todo e polo tanto danno todo.

### 3.- A ORDE DOS SONS E DA ESCALA:

A escala musical DO-RE-MI-FA-SOL-LA-SI-DO é unha "melodía tipo" que sintetiza unha evolución musical e humana.

Os camiños para que o neno adquira intuitivamente esta ORDE DOS SONS serán:

- a) Movemento sonoro
- b) Xogos de ordenamento
- c) Automatismo dos nomes

### 4.- INTRODUCCIÓN Á ORDE DAS NOTAS NO PENTAGRAMA:

Así as tres ordes nas que se basea o Presolfexo son:

- A ORDE DOS SONS
- A ORDE DOS NOMBRES DAS NOTAS
- A ORDE DAS NOTAS NO PENTAGRAMA

es lo  
más  
importante